

PLAN DE ADAPTACIÓN COVID-19 CURSO 2021-22

C.R.A. DE DODRO



PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-22

versión 1/10/2021

O presente protocolo ten por obxecto crear contornas escolares saudables e seguras mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse dende o inicio do desenvolvemento do curso escolar 2021/2022, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19. Inclúe as medidas de detección precoz dos casos e a súa xestión axeitada, así mesmo, en cumprimento do previsto na Orde Comunicada da ministra de sanidade, de 4 de xuño de 2021, mediante a que se aproba, en coordinación coa conferencia sectorial de educación, a declaración de actuacións coordinadas en saúde Pública fronte á Covid-19 para centros educativos durante o curso 2021-2022. O documento é de aplicación aos centros públicos de ensino non universitario e, adaptado ás súas peculiaridades, aos centros privados concertados que imparten ensinanzas non universitarias.

O conxunto de medidas incluídas no presente protocolo foron examinadas polas autoridades sanitarias autonómicas, porén son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

Índice

Medidas de prevención básica	3
Medidas xerais de protección individual	4
Medidas de limpeza	5
Material de protección	5
Xestión dos gromos	5
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	6
Medidas de carácter organizativo	6
Medidas en relación coas familias e ANPA	6
Medidas específicas para o uso doutros espazos	7
Medidas especiais para os recreos	8
Medidas específicas para alumnado de E. Infantil	8
Medidas específicas para alumnado de N.E.E.	9
Previsións específicas para o profesorado	9
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	9

1.	Denominación do centro, enderezo e teléfonos.
-----------	--

Código	Denominación
15032492	C.R.A. de Dodro

Enderezo		C.P.
Estrada de Imo 28		15982
Localidade	Concello	Provincia
Imo	Dodro	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	
981 802 421	cra.dodro@edu.xunta.gal	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/cradedodro/		

Id.	Medidas de prevención básica.
------------	--------------------------------------

2. Membros do equipo COVID.

Teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil da dirección.		981 802 421	
Membro 1		Cargo	
Ana Isabel Martínez González		Directora	
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coordinadora COVID. ▪ Manter a comunicación desde o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e de ser o caso, da Consellería de Sanidade ou do Sergas. ▪ Canle de comunicación co persoal do centro, coas familias e co resto da comunidade educativa. ▪ Contactar co centro de saúde de referencia en caso de sospeita de contaxio. ▪ Notificación dos posibles casos á Consellería. ▪ Coordinación e control do inventario. 		
Membro 2		Cargo	
Inés Castro García		Titora Escola de Lestrobe	
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contactar co centro de saúde de referencia en caso de sospeita de contaxio. ▪ Canle de comunicación coa comunidade educativa. ▪ Notificación dos posibles casos á Consellería. ▪ Coordinación e control do inventario. ▪ Elevar as propostas do equipo de educación infantil. 		



Membro 3	M ^a Dolores Bra Míguez	Cargo	Mestra de Relixión
Tarefas asignadas		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contactar co centro de saúde de referencia en caso de sospeita de contaxio. ▪ Canle de comunicación coa comunidade educativa. ▪ Notificación dos posibles casos á Consellería. ▪ Coordinación e control de inventario. 	

3.	Determinación do espazo de illamento Covid e dos elementos de protección que inclúe.
<p>Escola de Bexo: Zona de entrada a escola – escaleiras de subida a segunda planta. Ventilación adecuada, solucións hidroalcohólico, papeleira de pedal, guantes, máscara e panos desbotables.</p> <p>Escola de Laiño: Zona de entrada a escola – escaleiras de subida a segunda planta. Ventilación adecuada, solucións hidroalcohólico, papeleira de pedal, guantes, máscara e panos desbotables.</p> <p>Escola de Lestrobe: Zona de entrada a escola – escaleiras de subida a segunda planta. Ventilación adecuada, solucións hidroalcohólico, papeleira de pedal, guantes, máscaras e panos desbotables.</p> <p>Escola de Vigo: Zona de entrada a escola – escaleiras de subida a segunda planta. Ventilación adecuada, solucións hidroalcohólico, papeleira de pedal, guantes, máscaras e panos desbotables.</p> <p>Engádense aos espazos de illamento o seguinte material: batas, Máscaras FFP2 e pantallas de protección.</p>	

4.	Número de alumnos/as por nivel e etapa educativa.
EDUCACIÓN INFANTIL	40
ESCOLA DE BEXO	9 3 (4º E.I.) 3 (5º E.I.) 3 (6º E.I.)
ESCOLA DE LAIÑO	13 3 (4º E.I.) 8 (5º E.I.) 2 (6º E.I.)
ESCOLA DE LESTROBE	7 2 (4º E.I.) 3 (5º E.I.) 2 (6º E.I.)
ESCOLA DE VIGO	11 4 (4º E.I.) 4 (5º E.I.) 3 (6º E.I.)



5. Cadro de persoal do centro educativo.	
Mestras Educación Infantil	5
Mestres Especialistas	4
Mestra de A.L	1
Mestra de Relixión Católica compartida coas escolas unitarias de Padrón	1

6. Determinación dos grupos estables de convivencia.	
--	--

Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL			Nivel	4º, 5º e 6º	Grupo	Bexo (B)
Aula	Escola de Bexo	Nº de alumnado asignado	9	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL			Nivel	4º, 5º e 6º	Grupo	Laíño (C)
Aula	Escola de Laíño	Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL			Nivel	4º, 5º e 6º	Grupo	Lestrobe (L)
Aula	Escola de Lestrobe	Nº de alumnado asignado	7	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	EDUCACIÓN INFANTIL			Nivel	4º, 5º e 6º	Grupo	Vigo (V)
Aula	Escola de Vigo	Nº de alumnado asignado	11	Nº de profesorado asignado		8	

7. Medidas específicas para os grupos de infantil.	
--	--

Estableceranse grupos estables de aula, ata un máximo de 20 alumnos/as, que xunto ao titor/a conformarán Grupos de Convivencia Estable.

- En cada aula haberá xel hidroalcohólico para desinfección de mans (priorizaranse o lavado de mans con auga e xabón e só se utilizarán produtos desinfectantes que conteñan alcol en caso puntuais, debido ás idades do alumnado).
- Sempre que sexa posible, favorecerase a permanencia de dous mestres en cada escola ao longo da xornada escolar para poder dar apoio no caso de detectar algún caso. Será o mestre de garda o encargado de permanecer no espazo de illamento co alumnado.
- Formaranse dentro da aula grupos de traballo estable, para reducir as interaccións físicas dentro do grupo. Atendendo ao punto 3.3. Protocolo de Adaptación ao COVID-19 da versión do 06/07/2021, na etapa de Educación Infantil, e nas unidades e centros de educación especial, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral en grupos estables de convivencia. Na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia, para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara. Nas aulas unitarias de C.R.A. cun número de entre 5 e 10 alumnos/as poderase establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.
- Dentro de cada grupo de traballo estable poderán compartir material e xogos didácticos previa desinfectando das mans antes e despois do seu uso.
- No caso de uso do encerado (dixital ou branco), o alumnado desinfectará as mans previamente.



- Limitaranse os movementos libres do alumnado pola aula. É una restrición complicada pero debemos insistir para evitar aglomeracións.
- Todo o profesorado permanecerá sempre coa máscara posta, podendo facer uso de pantallas de protección de forma voluntaria.
- O uso da máscara no alumnado de infantil é recomendable e empregarase sempre que sexa posible cando non se poidan garantir as medidas de seguridade (distancia de 1, 5 metros, ventilación non axeitada e fluída,...).
- Sempre que a climatoloxía o permita realizaranse as sesión ao aire libre.
- Non está permitido traer xoguetes de casa.

8. Canles de comunicación para dar a coñecer ao equipo Covid os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias do profesorado e para a comunicación das familias co equipo Covid para comunicar incidencias e ausencias.

PROFESORADO

- Vía telefónica (centro ou coordinador do equipo COVID)
- Correo electrónico: cra.dodro@edu.xunta.gal

ALUMNADO

- Vía telefónica chamando ao centro (981 802 421)
- Correo electrónico: cra.dodro@edu.xunta.gal

9. Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

PERSOAL DOCENTE

- Cadros de faltas de asistencia, xestionado pola dirección.

ALUMNADO

- Comunicación recíproca entre dirección-titores/as e viceversa, para dar conta das faltas que se rexistrarán de xeito habitual no XADE.
- As ausencias por sintomatoloxía compatible coa COVID terán un rexistro específico. Serán entregadas ao equipo COVID os martes na sede do C.R.A. e comunicarse de xeito diario seguindo o procedemento establecido no protocolo.
- A comunicación das faltas e a xustificación remitirase ao correo corporativo dos titores/as cando sexan faltas de asistencia que non estean relacionadas coa sintomatoloxía COVID.

10. Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias educativas a través da aplicación informática.

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo Covid. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co



comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa Covid-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, desde o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional), que se encontre á espera do resultado de proba diagnóstica, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses, deberán de absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso.

O alumnado ou persoal do centro que conviva coa persoa positiva serán considerados **contactos estreitos**, excepto que a CSC lles indique o contrario. Tendo en conta isto, as persoas conviventes do caso positivo que estean vacinadas coa pauta completa ou aqueles que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención.

Pola contra, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados coa COVID 19 nos últimos 6 meses, deberán absterse de asistir ao centro educativo e esperar as instrucións da CSC en corentena.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xuntamente coa Consellería de Sanidade, dispón da canle informática denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que a Central de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que estará dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.
- Como ocorre con calquera outro caso confirmado de Covid, a CSC porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia, para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do ámbito persoal do caso. Durante esta enquisa epidemiolóxica identifícase ao caso confirmado como estudante ou traballador dun centro de ensino. Deste xeito, unha vez localizado o centro, a CSC envía unha notificación ao Equipo Covid, a través da aplicación EduCovid solicitando os contactos estreitos do caso que se produciran no ámbito educativo.



- Neste momento, se previamente non se fixo, o Equipo Covid deberá pórse en contacto coa CSC a través do número de teléfono dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico..
- Sempre será a CSC a que cargará a petición de contactos en EduCovid, para o que identificará ao caso coa correspondente IdOrixe. Se a CSC atopa dificultades para localizar ao caso no centro concreto, facilitaralle a IdOrixe ao Equipo Covid e pediralle que realice a súa carga en EduCovid. En ningún caso se notificarán contactos estreitos por medios diferentes a EduCovid.
- O persoal da CSC axudará ao Equipo Covid a identificar e elaborar a listaxe de contactos estreitos do caso. Estes contactos estreitos poderán seleccionarse da “Rede de contactos” proposta por EduCovid, na que se inclúen compañeiros de clase, de comedor, de transporte, profesorado e outros (coma os recreos, etc...). Para esta determinación terase en conta o previsto no Anexo II.
- Existe a posibilidade de que algún contacto estreito do caso non se atope dentro desta rede de contactos, polo que o Equipo Covid deberao incorporar de forma manual. Unha vez definida a listaxe de contactos estreitos, e tras ser acordada co persoal asignado da CSC, o Equipo Covid enviará a listaxe de contactos estreitos á CSC a través da aplicación EduCovid. No caso de que, conxuntamente coa CSC, non se identifiquen contactos estreitos no centro, premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa. Deste xeito, o estado do expediente pasará de “Petición de contactos” a “Contactos comunicados”, coa correspondente traza temporal.
- No descrito previamente asúmese que, se é o Equipo Covid quen lle notifica á CSC que no centro existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid- 19, a CSC pode verificar esta información. Pode ocorrer que á CSC aínda non dispoña da información necesaria para facelo, polo que nesta circunstancia procederá de xeito seguinte:
 1. Unha vez recibida a notificación, á CSC axudará a buscar indicios que verifiquen que se trata dun caso confirmado de Covid. Se hai información abondo, ou non é posible desbotar a información como resultado dun erro, o Equipo Covid cargará o caso en EduCovid co IdOrixe 0000. Isto indicará que o caso aínda non está verificado.
 2. Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19.
 3. Entre tanto, o resultado positivo chegará á CSC e haberá unha IdOrixe válida. Nese momento, a CSC chamará ao centro e facilitaralle esta IdOrixe, para que o Equipo Covid modifique o Id 0000 polo Id Orixe real. Unha vez feito isto, o centro educativo notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e procederá de forma habitual, onde a CSC chamará aos contactos estreitos para enquisalos e iniciar o seguimento.

En todo este proceso, esixírase extremar a confidencialidade profesional acerca da información da persoa diagnosticada da Covid.

- O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares non vinculadas ao centro, terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse, en todo momento, as instrucións da Autoridade Sanitaria. A CSC encargaráse da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.
- A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
- O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.



Resulta fundamental que os datos de contacto do alumnado e as súas familias estean actualizados en XADE. En caso contrario a CSC non poderá contactar co alumnado e familias afectadas. O profesorado e persoal non docente deberán manter os seus datos de contacto actualizados aos mesmos efectos.

Id. Medidas xerais de protección individual.

11. Croques da situación dos pupitres nas aulas.

A creación de grupo estable de convivencia implica que na aula se traballará en subgrupos, en función do número de alumnos/as, segundo indique o protocolo da Consellería de Educación.

Atendendo a este aspecto:

- Retíranse o mobiliario non indispensable na aula (retíranse da aula as bibliotecas que se ubicarán nas aulas secundarios de cada escola,) para gañar o maior espazo da aula.
- Crearanse dentro da aula subgrupos colabotativos estables dun máximo de entre 5-10 alumnos/as, no caso do noso centro, con postos fixos de mesa, sendo preferiblemente sempre os mesmos. Os cambios de posto non mudarán por norma xeral, so o farán por causa debidamente xustificada. Nas aulas unitarias do C.R.A., cun número de entre 5 e 10 alumnos/as poderase establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.

12. Cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas identificación de espazos ou salas para asignar os grupos.

No caso do desdobre de Relixión e Atención Educativa, procederase de xeito habitual. O grupo máis numeroso quedará na aula principal e o grupo menos numeroso impartirá na aula secundaria de cada escola.

13. Determinación das medidas para o uso de espazos de P.T., A.L., Departamento de Orientación ou aulas especiais do centro.

A normativa para os espazos de P.T., A.L., Departamento de Orientación, ou aulas especiais, serán as mesmas que para o resto das aulas.

14. Determinación dos xeitos de realizar as titorías coas familias.

As titorías serán preferentemente telemáticas, ben vía telefónica ou a través do correo electrónico, aínda que se permiten as presenciais cando se garantan as seguintes normas de seguridade:

- Dentro de cada unha das escolas.
- Con cita previa.
- Emprego de máscara por aparte de todos os asistentes.
- Hixiene de mans.
- Distancia de seguridade.
- Ventilación do espazo antes e despois da titoría.
- Desinfección de mesas e cadeiras.



15. Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.

A principal canle de información será a páxina web do centro no que se recollerán as informacións oficiais do centro e as derivadas da Consellería de Educación.

Empregarase tamén o teléfono, correo electrónico corporativo do centro, plataforma ABALAR.

Persoal do Concello: empregarse vía telefónica e correo electrónico do centro.

Provedores: empregarse vía telefónica e correo electrónico do centro.

En canto aos visitantes limitarase ao máximo estas situacións. Cando sexan imprescindibles realizaranse con cita previa.

16. Uso da máscara no centro.

PROFESORADO

É obrigatorio durante toda a xornada e a súa estancia no centro. Recoméndase no protocolo da consellería que o profesorado utilice a máscara continuamente non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante.

ALUMNADO

É recomendable o uso de máscaras nas entradas e saídas do centro.

Recomendase o uso de máscara no alumnado non soamente como medida preventiva senón como medida didáctica para que se familiaricen con ela para a súa vida diaria fora do centro. Empregarase sempre que sexa posible.

FAMILIAS

As familias acudirán ao centro sempre con máscara nas entradas e saídas do centro.

O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohibe para as persoas que voluntariamente as usen. Recoméndase nas sesións de A.L.

17. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

O Plan será publicado na web do centro. Darase traslado ao Claustro e ao Consello Escolar e para a súa aprobación remitirase á Inspección Educativa.

Darase conta do mesmo ás familias a través da páxina web do centro e informarase do mesmo na reunión de inicio de curso.

Id. Medidas de limpeza.

18. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

Deberán ser especificadas polo organismo responsable da limpeza do centro educativo. Neste caso o Concello de Dodro.

Deberá cumprir co estipulado no protocolo da consellería.

- Limpeza polo menos 1 vez ao día.
- Limpeza dos baños 2 veces ao día.
- Limpeza das superficies de uso frecuente 1 vez ao día.



19.	Distribución horaria do persoal de limpeza.
<p>Desde o concello de Dodro trasladouse a seguinte proposta de horarios de limpeza:</p> <p>Limpadora 1: Escola de Laíño: 11:30 h. – 12:00 h. Escola de Bexo: 11:00 h. – 11:30 h.</p> <p>Sede do C.R.A.: a partir das 14:30 h.</p> <p>Limpadora 2: Escola de Vigo: 11:00 h a 11:30 h. Escola de Lestrobe: 11:30 h a 12:00 h.</p> <p>Traballo de limpeza xeral pola tarde en todas as escolas.</p>	
20.	Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.
<p>Todo o persoal de limpeza empregará os elementos de protección indicados no protocolo da Consellería. Máscara e luvas.</p>	
21.	Cadro de control de limpeza dos aseos.
<p>En cada aseo existirá un modelo semanal de control de limpeza no se que anotarán as horas de limpeza e o nome da persoa que as realizou.</p>	
22.	Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas.
<p>Será colocado un cadro de ventilación en cada unha das aulas de cada escola coas horas e os períodos de tempo a realizar. Este rexistro será levado a cabo diariamente polo profesorado do centro en cada escola e na sede do C.R.A..</p>	
23.	Determinación dos espazos para a xestión de residuos.
<p>O centro contará con papeleiras con pedal en cada aula e estancias da sede do C.R.A. e espazos de illamento para desbotar residuos susceptibles de conter virus (panos de papel, máscaras, luvas,...)</p> <p>O resto das papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo (papel, plástico e lixo xeral).</p>	
Id.	Material de protección.
24.	Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.
<ul style="list-style-type: none"> - 9 papeleiras de pedal, dúas por escola/sede. - 1 caixa de luvas en cada escola. - 5 botes de líquido desinfectante para superficies con spray, 1 por escola. - 6 botes dosificadores de hidroxel rellenables, 1 por escola/sede. - 5 botes de 5L de hidroxel para encher os dosificadores, un por escola/sede. - 4 dispensadores rellenables de hidroxel ancorados á parede nos accesos ás escolas, un por escola. Dotación do concello de Dodro. - Caixas de panos desbotables. - 9 caixas de máscara cirúrxicas, unha para cada mestre/a. - 9 pantallas. 	



- 4 termómetros dixitais de distancia.
- 14 sprays de alcol.
- 20 paquetes de 5 de máscaras (adulto) reutilizables Consellería de Educación.
- 2 paquetes de 5 máscaras (infantil) reutilizable Consellería de Educación.
- Alfombras desinfectantes, húmida e seca, 2 por escola e sede. Dotación concello de Dodro.
- 20 batas de protección (5 por escola).
- 25 máscaras FFP2 (5 por espazo de illamento e 5 de reserva).
- 4 caixa de 50 unidades, 1 por escola de máscaras infantís para eventualidades.
- 1 caixa de máscaras cirúrxicas para eventualidades dos mestres.

Crearase un documento de Excel para o inventario deste material.

25. Determinación do sistema de compras do material de protección.

O material mercarase nos establecementos habituais ou en aqueles que presentes soporte de competencia en calidade e prezo, facturárase de xeito individual cada pedido para manter unha contabilidade diferenciada da do resto do centro.

Serán os propios establecementos os encargados da distribución deste material ao centro educativo.

26. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

O material será entregado ao centro na sede do C.R.A. sendo os membros do equipo COVID os encargados de contabilizar, xestionar e repoñer dito material.

Ao inicio do curso, entregarase a cada mestre o material achegado pola consellería, así como o adquirido polo centro para cada mestre: máscara, pantallas... Aos mestres/as titores/as entregaráselle ademais material para as aulas: hidroxel, luvas, papeleiras, panos desbotables, desinfectante en spray e carteleira.

A recepción dos mesmo asinarase unha folla de rexistro.

Id. Xestión dos gromos.

27. Medidas.

- Considérase gromo nun centro educativo a calquera agrupación de 3 ou máis casos con infección activa nos que se establece un vínculo epidemiolóxico, sendo sinónimo de abrocho ou brote. Tendo en conta a importante variabilidade entre as diferentes situacións, sempre que se detecten 3 casos ou máis nun centro escolar nun período corto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e o último caso) deberá realizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias. Será o persoal da CSC quen faga esta notificación e decida co persoal da XT de Sanidade ou do SAEG se é necesario levar a cabo algunha actuación extraordinaria.
- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo en base ao Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia. En virtude das mesmas:



Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no ANEXO III: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”, e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor/a deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/a traballador/a abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo COVID do centro educativo deberá poñerse en contacto coa CSC e rexistrar os contactos estreitos a través da aplicación “EduCovid”.

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto no Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito non universitario de Galicia, cos seguintes supostos:
 - Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados polo responsable COVID coa axuda da CSC ou XT de Sanidade, segundo os protocolos vixentes en cada momento.
 - Tanto as persoas que teñan diagnóstico confirmado como aquelas determinadas como contacto estreito seguirán as indicacións da CSC para o seu caso concreto de acordo co Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito non universitario de Galicia (<http://coronavirus.sergas.gal>).
 - En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de Continxencia, previsto no Anexo III.
- Finalizado o período de illamento/corentena das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

28. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa.

Directora
 En caso de ausencia da directora os membros do equipo COVID. (1º membro 1, 2º membro 2)



Id.	Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.
29.	Canle de petición de solicitudes, de comunicación coa XT e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.
	<p>De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.</p> <p>- A dirección do centro educativo remitirá as solicitudes xunto cos informes emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación do ámbito provincial onde radique o dito centro de traballo.</p> <p>- A persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio: cra.dodro@edu.xunta.gal.</p> <p>Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada vía e-mail á Xefatura Territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.</p> <p>- Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación <i>persoalcentros</i> reflectindo no apartado <i>observacións</i> a casuística.</p>
Id.	Medidas de carácter organizativo.
30.	Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas.
	<p>Manterase os horarios do centro 9:30 h. a 14:30 h. Haberá un profesor de apoio en cada unha das escolas nas entradas e saídas, e ao longo da xornada escolar, na medida do posible, en función da disposición do persoal do centro.</p>
31.	Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo.
	<p>Escola de Bexo: As familias achegaranse á porta da escola e colocaranse respectando a distancia de seguridade na beirarrúa que está diante da escola, unha vez entregado o alumno continuará camiñando pola beirarrúa sen cambiar o sentido da fila establecido.</p> <p>Escola de Laiño: As familias achegaranse ata a porta principal da escola polas escaleiras frontais respectando a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumnado tomará a saída pola rapta lateral.</p> <p>Escola de Lestrobe: As familias achegaranse ata a porta principal da escola polas escaleiras frontais respectando a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumnado tomará a saída pola rapta lateral.</p> <p>Escola de Vigo: As familias accederán ata a porta principal dende a reixa principal mantendo a distancia de seguridade, unha vez entregado o alumnado sairá pola porta lateral do patio. Estes fluxos circulatorios establécense para entradas e saídas.</p>



32.	Previsións sobre a colocación de cartelería e sinaléctica no centro.
<ul style="list-style-type: none">- Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos as escolas e dentro das mesmas.- Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería.- A información será a xeral relacionada coa covid e coas medidas de seguridade básicas.- Nos puntos de entrada e saída marcaranse con frechas os percorridos así como a indicación da distancias de seguridade.- Nos baños colocaranse bandas horizontais para marcar o punto de espera. Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e a técnica correcta dese procedemento.	

33.	Asignación do profesorado encargado da vixilancia.
<p>Nas catro escolas que conforman o C.R.A. buscarase organizar os horarios de tal xeito que os mestres/as titores/as estean acompañados por un mestre/a especialista de apoio nas entradas e saídas e ao longo da xornada escolar, en función da dispoñibilidade do persoal do centro.</p> <p>Non se poderá asegurar dita distribución en casos de ausencia dalgún mestre/a do centro por falta de persoal e a idiosincrasia dun C.R.A. en canto á dispersión xeográfica. Priorizaranse nestes casos as aulas máis numerosas.</p>	

Id.	Medidas en relación coas familias e A.N.P.A.
------------	---

34.	Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar.
<p>Non se realizarán reunións da A.N.P.A. no centro educativo.</p> <p>Os Consellos Escolares serán celebrados segundo dúas modalidades:</p> <ul style="list-style-type: none">- Non presenciais: Reunións telemáticas ou a través do correo electrónico do centro.- Presencias: Levaranse a cabo nun espazo que permita manter a distancia de seguridade e se garanta unha ventilación axeitada. O Consello escolar está composto por 5 membros, 3 deles membros do Claustro, e dos outros 2, soamente 1 ten relación de parentesco co alumnado do C.R.A. Será obrigatorio o uso de máscara así como a hixiene de mans.	

35.	Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.
<p>En canto ás reunións de titorías queda recollido o procedemento a seguir no apartado 14 deste protocolo.</p> <p>O desenvolvemento das reunións de inicio de curso aparecen recollidas no Plan de Acolida, e faranse de xeito presencial en cada una das escolas, limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersoal, sendo obrigatorio o emprego de máscara. Sempre que a climatoloxía o permita desenvolveranse no exterior da escola (patio), garantindo a distancia de seguridade.</p> <p>Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizaranse a comunicación por teléfono, podendo empregar outras canles como a páxina web, o correo electrónico,</p>	



ou abalarMóbil. Cando as circunstancias así o aconsellen, poderán ser presencias, seguindo o establecido no apartado 14 deste protocolo.

36. Normas para a realización de eventos.

Non se realizarán eventos nin celebracións conxuntas mentres persista o risco de contaxio por COVID. As actividades que se realicen serán en cada aula e non estará permitido o acceso ás familias.

Id. Medidas específicas para o uso doutros espazos.

37. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...

No caso do C.R.A. non contamos con estes espazos.

Nas aulas secundarias das escolas rexeran as mesmas normas que nas aulas principais. Ao finalizar o traballo nestes espazos procederase a facer unha ventilación de 5 minutos.

En canto á sede, limitase o seu uso por parte do persoal do centro ás sesións dos martes pola tarde, agás as horas de coordinación dos equipos docentes, e da dirección do centro).

O uso de material común neste espazo estará suxeito as seguintes pautas:

- Desinfección de mans antes do uso de ordenadores, fotocopiadora, impresoras, guillotina, plastificadora, ,...
- Uso obrigatorio de máscara.

38. Educación física.

No espazo habilitado para psicomotricidade extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse dunha zona de alta interacción e exposición.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso compartido.

Na clase de psicomotricidade os exercicios serán individuais na medida do posible minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos/as e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso.

Emprego de máscara sempre que non se poida garantir a distancia de 1,5 m.

Sempre que o tempo o permita as sesión realizaranse ao aire libre.

39. Cambio de aula.

As escolas do C.R.A. constitúen grupos estables de convivencia que non interaccionan con outros alumnos/as do centro pola especial peculiaridade dos colexios rurais agrupados, polo que entenderase a escola como una aula na súa totalidade na que non hai cambios de aula que supoñan un risco na interrelación con outros suxeitos diferentes dos habituais.

Farase fincapé en manter, nos momentos de intercambio, a distancia de seguridade como medida preventiva.



40.	Biblioteca.
<p>A biblioteca do centro, situada na sede do C.R.A., será empregada solo polo profesorado, que accederá á mesma con máscara e mantendo a distancia de seguridade.</p> <p>As bibliotecas de aula de cada unha das escolas, atendendo aos grupos estables de convivencia, poderán ser empregadas para o que será necesario:</p> <ul style="list-style-type: none">- Realizar a hixiene de mans por parte de todo o alumnado antes de manipular calquera material e ao rematar a sesión.- Ubicaranse fora da aula habitual para liberar de espazo á mesma, ubicándose nas aulas auxiliares nas que se desenvolven outras actividades: música, educación física,... <p>O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o material devolto deberá permanecer en caixas, illadas, como mínimo 24 horas antes de volver aos andeis.</p> <p>O préstamo semanal de libros, realizarase atendendo a:</p> <ul style="list-style-type: none">- O libro en préstamo será levado o venres polo alumnado e volverá á escola o mércores, permanecerá en corentena (mochila e libro) ata o venres seguinte. <p>O incumprimento destas medidas poderá suspender o préstamo.</p> <p>Aplicaranse nas bibliotecas de aula as mesmas normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.</p>	

Id.	Medidas especiais para os recreos.
------------	---

41.	Horarios e espazos.
<p>Os horarios do recreo serán os habituais 12:00 h. a 12:30 h. Cada escola desenvolverá esta actividade no seu patio polo que non se producirán interaccións entre alumnado das diferentes escolas.</p> <p>Na medida do posible, haberá dous mestres/as en cada escola, titor/a e un especialista.</p> <p>Os días que a climatoloxía non permita as saídas ao exterior esta actividade levarase a cabo na aula auxiliar de cada escola para favorecer a ventilación da aula principal durante o tempo que dure o recreo.</p> <p>Nestes casos excepcionais poderase facer uso de material compartido polos subgrupos, atendendo sempre ás medidas de desinfección previa e posterior do material empregado, e á hixiene de mans previa e posterior.</p> <p>Nos espazos exteriores permitirase o uso dalgún material, este material empregarase con previo e posterior hixiene de mans, e evitanse as aglomeracións do alumnado tamén nos espazos exteriores.</p>	

42.	Profesorado de vixilancia.
<p>Escola de Bexo: 2 mestres/as (titor/a e especialista/apoio).</p> <p>Escola de Laiño: 2 mestres/as (titor/a e especialista/apoio).</p> <p>Escola de Lestrobe: 2 mestres /as(titor/a e especialista/apoio).</p> <p>Escola de Vigo: 2 mestres/as (titor/a e especialista/apoio).</p>	



Id.	Medidas específicas para alumnado de E. Infantil.
------------	--

43.	Metodoloxía e uso de baños.
------------	------------------------------------

No centro fórmanse grupos de convivencia estables, a continuación concretamos unhas pautas para o traballo na aula, e poder minimizar así, na medida do posible, o risco de contaxio.

Entradas:

Seguiranse os fluxos establecidos.

Á entrada desinfección das mans no dispensador de xel hidroalcohólico e do calzado nas alfombras desinfectantes.

Asemblea:

No caso de facela todo o alumnado sentado e xunto na zona da asemblea, realizarase cos nenos/as sentados nas mesas no seu posto fixo, excepto o alumno/a encargado/a ese día de facer as tarefas de encargado. Ademais das rutinas habituais do día da semana, mes, tempo,... traballarase as normas para abordar a situación da COVID entra as que se incluírán a concienciación da distancia de seguridade, hixiene de mans os aspectos relativos ás máscaras ..., buscando tratar estes aspectos do xeito máis lúdico posible e favorecer así a implicación do alumnado. Empregarase a norma das 3M (mans, metros e máscaras). O neno/a encargado/a realizará una limpeza de mans antes de manipular a cartelería do recanto da asemblea.

Poderase realizar tamén na aula secundaria con postos fixos no chan gardando as distancias establecidas de 1,5 m. Seguiranse tamén as medidas de hixiene que se establecen para realizar a asemblea desde o posto fixo.

Colocación do alumnado / agrupamentos:

- Formaranse dentro da aula grupos de traballo estable, para reducir as interaccións físicas dentro do grupo. Estes grupos estarán conformados ata un máximo de 5 alumnos/as, con sitio fixo, sempre os mesmos. E gardarán respecto dos outros grupos a distancia interpersonal de 1,5 metros de distancia.
- Os cambios de posto non mudarán por norma xeral, so o farán por causa debidamente xustificada.
- Atendendo ao punto 3.3. Protocolo de Adaptación ao COVID da versión do 06/07/2021, na etapa de Educación Infantil, e nas unidades e centros de educación especial, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara. Nas aulas unitarias de C.R.A. cun número de entre 5 e 10 alumnos/as poderase establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.

Recunchos:

- Cada alumno/a terá unha caixa individual onde gardará o seu material.
- So se manterá dentro da aula o recuncho do xogo simbólico, e so un dos grupos da aula poderá pasar por el cada día ao longo de cada semana. Ao rematar a semana, e logo de pasar sábado e domingo en corentena, previa desinfección, poderá ser utilizado polo seguinte subgrupo. Ao finalizar o tempo dos recunchos deberanse hixienizar todos os elementos.
- Antes de ir ao recuncho realizarase unha limpeza de mans, e unha vez finalizado, repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos das mans á boca.



Uso de baños:

- O uso dos aseos será individual, xestionado polos mestres da aula.
- A maiores, realizarase a limpeza e desinfección completa dúas veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

Uso de máscara:

- Aínda que a normativa sobre os grupos de convivencia estable non a esixa, o emprego da mesma estará recomendada, tanto a nivel de protección como para xerar un hábito saudable entre a poboación.
- Será labor conxunta das familias e a escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitálas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas na funda.
- Empregarase a máscara sempre que non se poida garantir a distancia de seguridade.

Material:

- Antes do comezo de curso facilitarase a lista do material que debe traer o alumno/a de cada nivel.
- Cada alumno/a terá unha caixa co seu material. Este material poderá ser compartido dentro de cada subgrupo. Para evitar perdas, deberá estar debidamente etiquetado co seu nome.
- En caso de uso de material común, procederase á hixiene de mans antes e despois do seu uso.

Ventilación da aula:

- 15 minutos antes do comezo das clases (9:15 h. a 9:30 h.) e 15 minutos ao rematar a xornada lectiva (14:30 h. a 14:45 h.).
- Sempre que o tempo o permita ventilación continuada.
- Cada hora 5 minutos.
- Cando a climatoloxía non o permita ventilaranse seguindo o patrón de 2 – 3 minutos cada 20 minutos.
- Atenderase tamén á ventilación no tempo de recreo como recolle o protocolo no apartado 49.

Aniversarios :

- A celebración dos aniversarios desenvolverase de xeito simbólico como se viña facendo nos últimos anos. Non está permitido traer ningún alimento ou agasallo da casa para compartir co alumnado.

44. Actividades e merenda.

Merendas:

- Sempre antes do momento da merenda realizarase a hixiene de mans.
- Sempre que a climatoloxía o permita realizarase este momento no exterior (patio).
- Realizarase unha limpeza de mesas ao iniciar e ao rematar a merenda.

Patios:

- Os patios das escolas permiten por superficie a dispersión do alumnado, pero nestas idades o xogo en grupos é inevitable, e ao mesmo tempo, é recomendable para a socialización dos nenos/as así como para a adquisición de destrezas de socialización. Aínda que son grupos estables, recomendase o uso de máscara non so como elemento de protección, senón tamén, como aspecto pedagóxico.
- A presenza da natureza facilita o emprego da imaxinación para que os nenos /as xoguen e interactúen co medio, aínda así permítese o uso de materiais atendendo ao recollido no apartado 41 deste protocolo.



Id.	Medidas específicas para alumnado de N.E.E.
------------	--

45.	Medidas.
------------	-----------------

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas.
- O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poda facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade
- O Departamento de Orientación colaborará co equipo COVID na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

46.	Medidas e tarefas. Seguimento.
------------	---------------------------------------

Farase un seguimento semanal co Departamento de Orientación do centro para valorar as medidas implementadas e engadir aquelas que resulten necesarias.

Id.	Previsións específicas para o profesorado.
------------	---

47.	Medidas.
------------	-----------------

As reunións do Claustro realizaranse presenciais na sede do C.R.A. garantindo a distancia mínima de seguridade. O uso de máscara será obrigatorio. Poderán ser telemáticas (a través da plataforma Cisco Webex) en función da situación sanitaria ou as restricións das CC.AA.

A sede contará con dispensadores de hidroxel, sendo obrigatorio o seu uso na entrada ao edificio.

Horas de permanencia no centro (martes tarde):

- Todo o persoal permanecerá no edificio con máscara.
- Continua hixiene de mans.
- Desinfeccións dos elementos de uso común despois do seu uso.
- Na medida do posible distribuirase o persoal nas dúas plantas (cando non sexa necesario a concorrencia para reunións conxuntas).
- Priorízanse a primeira hora da tarde para xuntanzas de equipos, CCP, Claustros, e a segunda hora para traballo individual, este poderase realizar na sede ou nas escolas.

48.	Órganos colexiados.
------------	----------------------------

As reunións dos órganos colexiados están recollidas no puntos 34 e 47 deste documento.

Id.	Medidas de carácter formativo e pedagógico.
49.	Formación en educación en saúde. Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á COVID-19. No proxecto anual de centro, abordarase os aspectos relativos a educación para a saúde, adquisición de hábitos de vida saudable en canto á realización de exercicio físico e alimentación equilibrada. incluíranse aspectos relativos á protección fronte a pandemia en canto á saúde física e mental.
50.	Difusión das medidas de prevención e protección. Todas as medidas de prevención e protección terán difusión na páxina web do centro.
51.	Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais. A aula virtual será un elemento a poñer en funcionamento no curso 2021-22, en caso de ter que ir a un escenario de docencia non presencial, sempre que a Consellería de Educación aconselle o seu uso para o alumnado de Educación Infantil. O/a coordinador/a TIC xunto co seu equipo, será o encargado do mantemento, así como da comunicación coa U.A.C., co asesor/a Abalar de zona, divulgar accións de formación... En caso de que a Consellería non recomende o uso da Aula Virtual para o alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil, seguirase a traballar a través da páxina web do centro, substituíndo esta ao blog do centro, tendo en conta as directrices da administración educativa en canto á utilización de ferramentas corporativas máis seguras e estables.
52.	Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”. A dirección do centro elaborará o Plan de Acolida. Este documento recollerá as datas das reunións iniciais coas familias e os horarios de entrada e saída do alumnado, entre outros aspectos, como a organización do período de adaptación para o alumnado de 4º de E. Infantil.
53.	Difusión do plan. O “ <i>Plan de adaptación á situación COVID-19</i> ” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web e por aquelas canles que o centro considere oportunas.